

24 HORAS EN GALEGO
30 de novembro de 2006**Nome: Dolors Perarnau****RELATA A TÚA EXPERIENCIA**

A miña experiencia comeza realmente ás nove da mañá na clase de alemán. Antes disto nada teño que poida incluír no relato: tentar tenteino, pero a lingua dos sonhos aínda non é do meu dominio. É verdade que ás veces teño soñado en galego, mais non podoo asegurar que precisamente esta fora unha delas. Así que, propiamente, empecei a articular as miñas primeiras palabras galegas na clase de lingua alemá. Ben curioso, non si? A verdade é que non queda moi ben dicir isto aquí, pois, a fin de contas, nas clases de alemán espérase que un fale alemán e non galego, por moitas 24, 48 ou 72 horas que haxa que facer. En calquera caso, e volvendo ao relato, a reacción dos meus compañeiros foi de gran sorpresa. Estrañoulles que lles falase galego –eu, que son de Cataluña! Que sentido podería ter semellante esforzo, cando unha se pode facer entender en castelán e, aínda por riba, non habendo máis dun ano que vivo aquí! Malia que nalgún caso a estrañeza ía acompañada de aprobación e ánimo, na maioría deles xurdía máis ben a incompreensión, consistente en non entender por que, falando a maioría deles (galegos) castelán, eu (de fóra) teimaba en falar galego.

Rematada a clase de alemán, fun á Xunta; precisamente, a facer unha reclamación por un asunto relacionado coa lingua galega. Tiña que ver cun curso de perfeccionamento que iniciara había unhas semanas e que tivera logo que abandonar por mor de constantes e máis que preocupantes faltas de competencia da profesora. En vez dun curso de perfeccionamento –que xa é moito dicir polo nivel que se ofrece–, semellaba máis ben un curso de im-perfeccionamento, pois non faciamos máis que desaprender o pouco que aprenderamos no curso de iniciación. Se xa estaba abondo indignada polo absurdo do asunto que me facía reclamar, o meu desgusto foi a máis ao comprobar que na propia Xunta se me falaba en castelán! A situación, pois, volvíase xa grotesca: unha catalá recente chegada a Galiza falando galego e os funcionarios da Xunta, a institución galega por antonomasia, dende onde saen as leis de política lingüística deste país, falando en castelán.

Cansada xa de tanta frustración a primeiras horas do día, decidín airearme un pouco e fun mercar catro cousas ao ensanche. Parva de min, non pensaba que a situación tampouco había mellorar; vamos, que máis frustración. Case todos os encontros que tiven foron en castelán, malia que eu seguise insistindo co galego. Só en contadas ocasións me respondían en galego, se ben case exclusivamente para obsequiarme cun amable “graciñas” ou un cordial “ata loguiño”. Agora ben, o mellor de todo foi o “grazas” dunha caixeira do súper, que, logo de terme falado en castelán todo o tempo, agasalloume cun normativo “grazas” co que non sabía se marchar contenta ou máis ben un tanto ofendida ante a sospeita de todo un exemplo da máis xenuína retranca galega.

Despois das compras puiden por fin oír un pouco de galego, aínda que só fora o dunha amiga miña catalá coma min que vive aquí dende hai tempo. Con ela desafogueime un pouco. Expliqueille o que me pasara na Xunta e todas as miñas frustradas experiencias coa lingua. Pola súa banda, ela explicoume tamén as propias, así que entre as dúas acabamos falando da situación do galego e do moi diferente que é respecto da do catalán en Cataluña.

Chegou a hora de xantar. O meu mozo e mais eu fomos á casa dos seus pais. Alí fálase castelán, aínda que se fai excepción coa avoa e mais cun tío da familia, que falan

galego. A sorpresa foi grande, mais non de todo brusca, xa que normalmente tento falar galego coa avoa e máis co tío, así que o feito de que me presentase falando exclusivamente galego non contradecía por completo o meu hábito. Eu propuxen que falásemos todos en galego para así practicar o que escasamente podo facer en Santiago. Inicialmente dixéronme que si, que habían falar galego sen problema, se iso era o que eu quería. Porén ao cabo de só uns minutos o esforzo comezou a se diluír no hábito de me falar en castelán. Explicáronme que non lles era posible facelo, ou ben porque non sabían falar ben o galego normativo, porque se expresaban mellor en castelán ou mesmo porque sendo eu catalá lles resultaba moi raro falarme en galego –cando con toda naturalidade o empregan adoito para lles falar a amigos e familiares. En definitiva, que volvín quedar coa mesma contradición de sempre: eu, que non son de aquí, falando galego, e eles, que si o son, falando castelán.

Á hora do café uníronse a nós outros familiares, cos que cambiou a situación. Algúns deles eran galegofalantes e facíalles moita graza que lles falase na súa lingua. Dicían que cun ano de estar aquí tiña xa un galego mellor que o de moitos galegos “de toda a vida” –comentario este, por certo, que non era a primeira vez que sentía. Mais non todo foron parabéns, xa que algúns vían os meus intentos de falar o galego coma un mero xogo, algo que non podía durar máis que o seu sorriso. Que sentido tería que eu me puxera agora a falar galego con todo o mundo, eu que non son de aquí? Outros, máis mirados, parábanme para me corrixir algunhas das palabras e expresións que aprendera nos cursos e que agora probaba a poñer en práctica, tales como “bacallau” por “bacallao”, “vogal” por “vocal”, “vai sol” por “fai sol”, etc. Tamén me interrompían para preguntar o significado doutras palabras que nunca antes escoitaran. En fin, toda unha absurda conversa que remataba, como non podía ser doutra maneira, con aquilo de que o galego que se nos ensinaba non servía para nada, pois era totalmente alleo á realidade e, polo tanto, só servía para a ficción, ou sexa, para a literatura.

E poida que tivesen algo de razón, a verdade, pois tomando o meu segundo café do día, pedín que me trouxeran un “borralleiro”. O camareiro quedou a velas vir, dicíndome que lle repetira a ver qué raio quería. Eu, que non sabía máis palabras para identificar o obxecto en cuestión, vinme obrigada a recorrer ao “castrapo” e pedirlle así un “ceniceiro”. Por certo que non era esta a primeira vez. Nas poucas veces que tiven ocasión de falar galego nas aldeas, vivín sempre a contradición de que non se me entendese polo feito de falar un galego “demasiado bo”.

Seguindo coa miña maratón de galego, volvín á casa e fixen a merenda mirando a TVG. Fágoo a miúdo, para así poder practicar un pouco máis a lingua, pero custa moito atopar profesionais que, de verdade, teñan unha fonética galega. Nótase de lonxe que non son galegofalantes, e así unha non escoita por ningures as vogais abertas e pechadas do galego. Éche moi difícil aprender galego neste país!

Logo chegou a hora de dar as miñas clases particulares de catalán. Antes de poñérmonos ao asunto, falamos un pouco en galego. Quedei contenta porque as dúas alumnas me responderon coa mesma lingua e me axudaron, con naturalidade, cando non atopaba a forma verbal correcta.

Ceei co meu mozo e explíqueille como fora o día co do galego. O coitado xa está máis que canso das miñas frustracións lingüísticas, co que cambiamos de tema deseguido, aínda que non de idioma. Porén non é habitual, xa que téndonos coñecido en castelán resúltanos difícil empregar outra lingua. Ademais, se o facemos, adoita ser o catalán, que el fala mellor ca eu o galego. Será que non atopou tantos atrancos no momento de aprendelo?

Esta foi, en conclusión, a miña experiencia das 24 horas en galego. Basicamente foi unha experiencia chea de contradicións, as mesmas coas que choco cada vez que me armo de valor para falar co meu inseguro e pobre galego. Sorprendentemente, ás

veces parezo ser eu a máis interesada pola lingua deste país. Eu que viña coa ilusión de atopar motivación externa e unha grande receptividade á miña vontade de falar dende o principio a lingua galega; que a xente de aquí se había alegrar e me había axudar a facelo cada día mellor –e o único que atopo é moitas desilusións e non poucas dificultades. De feito, son os propios galegos os primeiros en dicirme que non me preocupe en aprender a súa lingua, que o galego non serve de moito ou de nada, e que a xente só o fala nas aldeas ou para soltar algunha frase feita. Con todo isto comprobei que a primeira e máis sería dificultade para aprender a lingua galega é nada menos que esa actitude tan estendida entre os propios galegos de renegar da súa lingua. Uns, porque directamente deciden prescindir dela; outros, porque malia seren galegofalantes falan castelán cos de fóra ou mesmo cos seus veciños por unha mal entendida boa educación; uns terceiros, porque non se atreven a falar galego xa que descoñecen o normativo; e outros tantos, porque falan castelán ao tempo que fomentan politicamente o uso do galego... todos eles parecen ser responsables desta nosa difícil aprendizaxe e da paradoxal situación da lingua neste país.

Agora ben, malia todo o galego resístese a sucumbir en Galicia. Unhas recentes estatísticas dicían que porcentualmente se fala máis galego en Galiza ca catalán en Catalunya. E é que parella á gran influencia do castelán no galego, dáse tamén unha forte e arraigada presenza do galego no castelán. Comprobámolo no fenómeno do chamado “castrapo”: un galego clandestino que non se amosa, pero que se revela en cada frase. Mesmo aqueles que renegan abertamente da súa fala acaban padecendo a contradición de estar a renegar en galego. E é que as estruturas galegas están por todas partes. Iso veo ben unha estranxeira coma min, a quen non se lle escapa ningún “es que no dá *llegado*”, “no *te sé*”, “¿Y luego?”, “si cuadra”, etc. Por non falar do extraordinario léxico do castelán de Galiza: “toro de pescado”, “buraco”, “colo”, etc.

En fin, que a situación do galego en Galiza é do máis contradictoria, e as contradicións, como ben se sabe, non só non se comprenden, senón que irritan a nosa razón. A miña, xa está ben irritada. Cústame moito entender todo isto, especialmente cando comprobo o gran cariño que senten os galegos pola súa terra: a universalmente coñecida morriña, a constante celebración de tradicións e festas culturais e, máis importante e nunca ben eloxiado, o canto aos produtos galegos, únicos no mundo enteiro. Se tanto amor ten o galego polo seu –tanto que mesmo ten que levar as patacas da terriña ao estranxeiro para facer un bo cocido– por que non o coida máis? Por que esta gran contradición entre o que o galego sente e o que o galego fai? Por que tanto folclore, gaita e pandeireta e tan pouco impulso lingüístico, social e cultural? Por que unha preocupación pola lingua e cultura galegas ten que ser vista neste país como signo de formar parte dun determinado partido político?

Para rematar este relato da miña experiencia das 24 horas en galego, gustaríame exemplificar o que ata agora veño dicindo coa seguinte carta:

CARTA DIRIXIDA Á DIRECTORA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Estimada señora:

Chámome Helle e son unha alemá estudante de galego por conta propia no meu país. Hai meses empecei a estudar o seu idioma facendo uso da canle internacional da Televisión de Galicia. Nela adoitaba gravar os discursos televisados do presidente do

gobierno galego, Emilio Pérez Touriño, e posteriormente traballaba o material para así ir aprendendo o idioma.

Logo de varios meses de esforzo e constancia, cheguei, por fin, a adquirir un dominio da lingua que me permitiu presentarme a unha proba oficial de Galego na capital de Galicia. Para a miña sorpresa e malia ter feito un exame máis que satisfactori, o resultado foi, nada máis e nada menos, que, un rotundo suspenso.

Pregúntome como é posíbel ter suspendido o exame cando o meu galego é calcado ao do presidente do seu goberno. Se o meu galego non é suficientemente bo para aprobar un exame, como é posíbel que este mesmo galego sexa suficientemente bo como para representar ao país?

Prégolles, pois, empecen vostedes mesmos por respectar máis a súa lingua ou, en caso contrario, non esixan aos demais facelo.

Atentamente,

Helle Schultz

Ex-estudiante da lingua galega